

## **ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E CATRO DE NOVEMBRO DE 2011, CON CARÁCTER ORDINARIO**

### SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D <sup>a</sup> . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D <sup>a</sup> . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
	D <sup>a</sup> . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
	D. JORGE CERDEIRA LOURO
	D <sup>a</sup> : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día vinte e catro de novembro de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

### ORDE DO DÍA

#### **1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (24/10/2011)**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o vinte e catro de outubro do ano que andamos, que logo de facer as seguintes correccións apróbase por unanimidade dos asistentes

\*No punto da modificación de créditos num. 1/2011 (punto 2º), na explicación do Sr Secretario sobre dos motivos da necesidade de incrementar crédito na partida de traballos técnicos en servizos sociais, debe constar que é debido ao persoal extra que se contrata para dar apoio ao persoal municipal.

\*Na intervención da voceira do PSdeG-PSOE, dona Lucía González, no punto 4º da moción presentada polo seu grupo para a defensa dunha ensinanza pública de calidade, cando se fala da ensinanza concertada debe constar que “Di que efectivamente existe un R.D polo que se crean os centros concertados, pero outra cousa é cantos cartos se están a destinar a estes centros en detrimento dos públicos, e que se son un apoio aínda van a ser máis se continúan nesa dinámica de recortes e favoritismos cara a ensinanza concertada”

#### **2º.- Acordo, se procede, sobre do POS 2012**

Dáse conta das bases reguladoras do *Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2012)* aprobadas polo Pleno da Deputación con data 30/09/2011 e publicadas no BOP num. 191/11, do 5 de outubro.

De acordo coas mesmas, proponse:

1º.- Aprobar o *Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2012)* cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2012, e de acordo co financiamento que se indica:

**A) Realización de obras:**

DENOMINACIÓN DA OBRA	ESTADO + DEPUTACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO TOTAL
<i>Ampliación da rede de abastecemento e acometida a edificios públicos de Vedra</i>	40.111,76	17.363,98	57.475,74
<i>Ampliación da rede de abastecemento en A Gándara</i>	57.792,76	17.363,98	75.156,74
<b>TOTAL</b>	<b>97.904,52</b>	<b>34.727,96</b>	<b>132.632,48</b>

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2012 e que se relacionan nesta táboa.

**B) Financiamento de gastos correntes:**

**Deputación**

Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	97.904,53
---	-----------

**C)Resumo:**

	ESTADO + DEPUTACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO TOTAL
SUBTOTAL OBRAS	97.904,52	34.727,96	132.632,48
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	97.904,53		97.904,53
<b>TOTAL</b>	<b>195.809,05</b>	<b>34.727,96</b>	<b>230.537,01</b>

2º.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2012 no que se inclúen as obras que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:

Denominación da obra	Orzamento
<i>Mellora e acond. vias municipais en Trasariz, Laraño, Cimadevila e Sarandón</i>	36.958,3

3º.- Declarar que o concello dispón dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4º.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2012 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2012.

5º.- Solicitalle á Excma. Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

6º.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7º.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8º.- Facultar expresamente ao Sr. Alcalde -Presidente para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Dona Lucía González do PSdeG-PSOE di que á vista da lectura do informe da Comisión de Urbanismo e Plans, existe dispoñibilidade dos terreos, particularmente na zona de A Gándara e que supón que se terá que dispor dos pertinentes permisos ao tratarse dunha estrada nacional, preguntándolle se se trata dunha prolongación da rede existente e se vai ser unha conexión de Santiago.

A Presidencia contéstalle que si vai a ser unha prolongación dende Santiago, preguntándolle de seguido a citada concelleira porque de Santiago e non do Concello de Boqueixón, co que temos convenio.

A Presidencia di que a auga vén dende Boqueixón, e que xa se falou cos dous concellos e que o único problema que existía era como contabilizar esa auga, que xa esta resolto.

De seguido a voceira do PSdeG-PSOE di que estando as cousas así o voto do seu grupo vai ser favorable, non sen antes agradecerlle ao equipo de goberno que tivesen en conta a proposta do seu grupo de conectar aos edificios públicos que existen na parroquia de Vedra, que vai a redundar nun aforro importante no mantemento de motores e outros.

O Sr. Pose do BNG di que vai absterse, non porque estea en contra das obras que se inclúen , senón porque cando se destinan 92.000 euros a gasto corrente, débese facer o mesmo que no caso do ICO, unha relación de gastos aos que se vai dedicar.

O Sr. Alvela de TEGA expón que vai referendar o exposto na Comisión Informativa, que lle parece ben que os esforzos vaian para abastecemento e que hai que persistir nesta liña de investimentos de abastecemento e saneamento, nos que temos carencias importantes, polo que o seu voto vai ser favorable.

O Pleno, con 12 votos a favor do PP, PSdeG-PSOE e TEGA, e 1 abstención do BNG , acorda aprobar a citada proposta.

### **3º.- Acordo, se procede, para a creación e delegación da xestión e administración da Sede electrónica do Concello de Vedra.**

Visto o Convenio marco de colaboración para o uso compartido da sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña polos concellos da provincia e o acordo de encomenda de xestión entre o Concello e a Deputación Provincial da Coruña para tramitar as solicitudes de certificados electrónicos, propónse a adopción do seguinte:

#### **ACORDO:**

Primeiro.- A creación da sede electrónica do concello de Vedra, de titularidade municipal, cuxo enderezo electrónico de referencia será: <https://sede.vedra.concellosdacoruna.es> configurándose como unha subsede da sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña

(sede.dicoruna.es) e que estará accesible para a cidadanía directamente a través do seu enderezo ou a través do enderezo desta última.

Segundo.- A delegación da xestión e administración da sede electrónica municipal e para tal fin, a adhesión ao convenio marco de colaboración aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión plenaria ordinaria celebrada o vinte e oito de outubro de dous mil once, para a utilización compartida da súa sede electrónica e cuxo texto se recolle máis adiante (ANEXO I)

Terceiro.- Realizar todas as actuacións que resulten necesarias no ámbito das competencias municipais para dar cumprimento aos compromisos asumidos no devandito convenio e, en particular, adoptar o acordo de encomenda de xestión entre o concello e a Deputación Provincial da Coruña para tramitar as solicitudes de certificados electrónicos de emprego público, selo e sede electrónica, que resulta necesario para a aplicación do convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para o desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia e cuxo texto se recolle máis adiante (ANEXO II).

Cuarto.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia.

Dona Lucía González do PSdeG-PSOE pregunta polo cronograma de implantación deste proxecto , contestándolle a Presidencia que se descoñece.

O Sr. Pose do BNG di que esta ferramenta está ben se é para usar os funcionarios do concello, se hai que contratar persoal é mellor renunciar de momento.

O Pleno, con 12 votos a favor do PP, PSdeG-PSOE e TEGA, e 1 abstención do BNG , acorda aprobar a citada proposta.

#### **4º.- Aprobación, se procede, da ordenanza reguladora da administración electrónica municipal.**

Dáse conta da proposta de ordenanza que de acordo co artigo 103 e concordantes da Constitución, a Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos (LAE) e a vixente lexislación xeral administrativa, regula o uso dos medios electrónicos no ámbito da Administración do Concello de Vedra.

Proponse:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora do uso dos medios electrónicos no ámbito da administración do Concello de Vedra.

Segundo.- Someter a citada ordenanza a información pública e audiencia dos interesados, coa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello, durante o prazo de trinta días para que poidan presentarse reclamacións ou suxestións que serán resoltas pola corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no citado prazo considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Terceiro.- Facultar ao Sr. Alcalde -Presidente, para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

O Pleno, con 12 votos a favor do PP, PSdeG-PSOE e TEGA, e 1 abstención do BNG , acorda aprobar a citada proposta.

#### **5º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.**

Ás preguntas do PSdeG-PSOE a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre das entidades cos que se concertou o ICO, di que son o BBVA (aproximadamente o 60%) e co Banco Popular (40%).

2.- En canto á obra de saneamento e depuración en Tomonde - Santa Cruz de Ribadulla, di que a empresa ICEACSA, máis ben a UTE ICEACSA-PROYFE tivo que reformular todo o proxecto que se presentara no ano 2005, incluso aportando melloras, de feito incluíronse núcleos como Outeiro e A Lagoa, e que existían outros problemas, como se facían 1 ou 2 minidepuradoras, onde se situaban, dispoñibilidade dos terreos, ..etc circunstancias que quedaron enriba da mesa no mes de xuño cando tomou posesión a nova corporación, incluso o anterior Alcalde lle formulou na primeira reunión de traballo que mantiveron.

Sinala tamén que mantivo reunións coa empresa e con don Iván Cacheiro, que é o enxeñeiro de Augas de Galicia encargado do proxecto e así mesmo con Bantegal para dispor o máis axiña posible do terreo para a depuradora. Con todo iso decidido no mes de outubro fixeron as catas sobre do terreo e segundo nos informou a empresa neste mes teñen previsto presentalo en Augas de Galicia para a súa tramitación: aprobación inicial, exposición ao público, adxudicación da obra, ...etc, e que dende o concello se fará presión para axilizar a súa execución, porque se trata dunha obra que é fundamental para este concello.

3.- En relación á pregunta sobre do Polígono Industrial di que se recibiron os informes do Ministerio de Fomento, que é favorable sinalando algunhas cuestións técnicas que haberá que ter en conta; e da Dirección Xeral do Patrimonio da Xunta de Galicia, e é desfavorable en relación sobre todo o conxunto de edificacións denominado Serradoiro de Lema, problemas de tipo arqueolóxico en base ao informe arqueolóxico que existe no propio documento do polígono, e no que se propón unha serie de medidas correctoras que ao equipo redactor e máis aos técnicos municipais lle pareceron excesivas e absurdas.

Expón que mantiveron unha reunión co Dirección Xeral de Patrimonio, os técnicos do concello e os da consellería, e logo de aclarar esas circunstancias, presentaron hai 2-3 semanas unha contraproposta, estando á espera de recibir o informe, que entende vai ser favorable.

4.- En canto á construción dunhas prazas de aparcamento a carón do campo da festa de San Xián, en substitución das que quedaron anuladas pola construción dun valo (valo da polémica), di que o equipo de goberno anterior tería que velar no seu momento pola legalidade, e que ten entendido que o terreo foi expropiado descoñecendo porque a empresa ou a Deputación non ocupou os mesmos, e que dende logo non é responsabilidade deste equipo de goberno.

En canto á realización da citada obra sinala que cando entrou na Alcaldía non existía na Deputación ningún acordo e que está claro que se trata dunha obra necesaria e que xa se lle solicitou á Deputación a súa realización o máis axiña posible.

5.- Xa foi contestada no pleno.

6.- Polo que respecta ás relacións entre a empresa adxudicataria do servizo de axuda no fogar e as súas traballadoras, di que o concelleiro de servizos sociais, don Rogelio Lema mantivo unha reunión con responsables da empresa, traballadoras e representante sindical das mesmas, e que en calquera caso neste asunto a prioridade do concello ten e debe ser a do usuario, e que o concello sempre velará polo cumprimento da legalidade en todos os seus aspectos e en todas as partes.

--Ás preguntas do BNG a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre da Comisión da Escola Infantil, di que se reuniu por última vez o pasado 28 de xuño para valorar as solicitudes para a mesma e que está constituída polo Concelleiro de Servizos Sociais, don Rogelio Lema, como Presidente, e os seguintes vogais: dona María García, directora da escola, dona Carmen A. Sabio, educadora familiar do concello e dona Ana M<sup>a</sup>. Aldrey, traballadora social, actuando como secretario da mesma, o do concello.

2.- En canto á viaxe a Arxentina, a Presidencia expón que foi unha viaxe persoal aproveitando a ponte do Pilar e como tal foi pagada do seu peto, o que supuxo 2.193 euros, e que en calquera viaxe sexa persoal ou non, non pode deixar de lado a súa condición de Alcalde de Vedra: que efectivamente foi convidado a elección de Reina de la Colectividade Española 2011-2012, e estando alí pedíronlle que formase parte do xurado.

Isto- di- dálle pé a manifestar que Vedra, a pesares de ser un concello pequeno, en Bos Aires ten unha das comunidades de emigrantes máis potentes e activas, e dende logo das que pode ter un maior futuro, tendo dúas sociedades, e que os nosos emigrantes son familias de 1ª e 2ª xeración, o que supón que haxa viaxes continuos entre Vedra e Arxentina.

Sinala ademais que persoalmente dende o ano 2006 viaxa a Arxentina na ponte de decembro, e que este ano tamén o fará como Alcalde, pero que debido ás dificultades económicas ao igual que na viaxe anterior pagaraa do seu peto, sendo o único gasto a cargo do concello unha placa conmemorativa que se lle entregará ao grupo de baile e gaitas que cumpre 50 anos.

Aproveita para dicir, agradecéndolles a todos os concelleiros, que se aforraron 6.000 euros en asistencias a órganos colexiados, xa que non houbo pleno nos meses de xullo e agosto, só se celebran dúas xuntas de goberno ao mes, e a concelleira de obras e el, por decisión propia, renunciaron a pasar a súa quilometraxe deste ano.

Por último informa a todos que a tradicional cea de Nadal cos traballadores e concelleiros se vai celebrar pero cada un ten que pagar o seu importe.

3.- En canto á pregunta sobre da obra de arranxo do tellado do pavillón municipal, di que se requiriu á empresa adxudicataria da mesma para que cumprise os requisitos de seguridade e saúde nas obras.

--Á pregunta de TEGA sobre do Plan bienal da Xunta de Galicia para levar a cabo o soterramento de cable, di que esa é a súa intención e que saíron subvencións de INEGA, que se solicitou unha, pero que estaban destinadas a aforro enerxético. Di que lle parece unha idea fantástica e que debemos ir cara iso.

## **6º.- Rogos e preguntas**

--Dona Lucía González do PSdeG-PSOE manifesta que “quere empezar esta quenda de rogos e preguntas agradecendo ao grupo de goberno que decidira darlle continuidade ao proxecto de Vedra en Ciencia, celebrando unha nova edición neste mes de novembro. É realmente gratificante velo continuado logo do esforzo, da ilusión e da colaboración con que se abordou, cando dende o Departamento de Cultura se decidiu a poñelo en marcha no ano 2007, un compromiso que se viu entón recompensado polo apoio económico recibido dende a Fundación Española de Ciencia e Tecnoloxía en máis dunha edición, e que se ve agora novamente recompensado pola súa decisión de celebrar a quinta edición. Aproveito tamén para agradecerlle a todas as persoas, tanto traballadores municipais como membros da comunidade educativa, que dalgún xeito estiveron e están involucradas, o seu traballo e o seu compromiso por sacalo adiante.

Dito isto, quixera formular o seguinte rogo:

*PRIMEIRO.-* Recentemente varios pais e nais de alumnos da escola unitaria de San Fins téñennos manifestado recentemente a súa preocupación polas árbores de gran envergadura que se atopan a carón do peche do recinto escolar, unha preocupación que se acentúa nesta tempada de inverno, na que son máis frecuentes os temporais e os ventos fortes. Por este motivo, rogamos que se leven a cabo as actuacións oportunas para establecer nos arredores da escola un perímetro seguro que eviten unha máis que posible caída de pólas no patio.

Así mesmo, quixera formular as seguintes preguntas:

*PRIMEIRA.-* A primeira delas quixera dirixirla á Concelleira de Medio Ambiente, a propósito das respostas que deu no pasado pleno ás preguntas que lle formulamos sobre o vertedoiro ilegal denunciado en San Mamede.

Preguntáballes no pleno do 22 de setembro se lle fixeran seguimento ao escombros retirado e onde e como se vertera.

Constatou a Concelleira na súa resposta no pleno de 24 de outubro que o escombros fora retirado na súa totalidade, quedando avalada dita actuación cunha comunicación do Sernopona. Sen embargo, seguiron quedando sen resposta as preguntas anteriormente citadas, polo que de novo pregunto:

-¿Fíxéronlle seguimento ao escombros retirado?

-¿Onde e como se verteu?

Consideramos de suma importancia que verifique que se lle deu o tratamento correcto a través dun xestor autorizado.

*SEGUNDA.-* Na acta da Xunta de Goberno do 29/09/11 aprobouse unha factura de Comercial Vehículos Industriais polo concepto de reparación de sinistro do camión de recollida de lixo por un importe de 19.473,15 euros. Cal é a natureza deste arranxo tan caro?

A Presidencia contéstalle que foi como consecuencia do incendio do camión, que ocorreu dentro do taller de Reparaciones Sinde, e que se fai cargo o seguro do mesmo, pero que o concello tivo que aprobar a factura e avalar o seu pagamento para poder sacar o camión do taller, estando á espera de que o seguro ingrese o importe do arranxo.

*TERCEIRA.-* Vimos observando en varias ocasións que a empresa Electricidad Lino, de Outeiro, Santa Cruz, está a facer arranxos eléctricos nos distintos edificios municipais, algo cando menos curioso cando o Concello conta cunha empresa contratada para levar a cabo tales actuacións. Por este motivo quixeramos saber:

-Cal é o contrato ou acordo que ten establecido o Concello con esta empresa?

-A que se debe esta duplicidade no mantemento das instalacións eléctricas dos edificios municipais?

*CUARTA.-* Na Xunta de Goberno de data 22 de novembro aprobouse unha factura de D. José M. de la Torre Lobato por limpar a finca estremeira co punto limpo por importe 291,06 euros. Non deixa indiferente este encargo cando o Concello conta con tractores e maquinaria para levar a cabo esta tarefa sen ningún problema.

-A que atende, por tanto, este encargo?

-Que motivou ou imposibilitou a realización desta tarefa por parte dos operarios municipais usando os medios dos que dispón o Concello?

*QUINTA.-* Na Xunta de Goberno de data 22 de novembro dáse conta da Resolución de Alcaldía de 14 de novembro pola que se solicita unha subvención ao Instituto Enerxético de Galicia para o proxecto “Actuacións de aforro enerxético no alumeadado público de Vedra” cun orzamento total de 45.720,75 euros.

-Cal é o detalle de ditas actuacións? Corresponde a actuacións sobre algunha liña de alumeadado concreta?

-Que empresa ou técnico elaborou o informe técnico?

-Cal é o importe do orzamento total que lle corresponde aportar ao Concello?

-Cal é o aforro anual previsto logo desta actuación?

*SEXTA.*- Na Xunta de Goberno de data 22 de novembro aprobouse un ticket de conta-  
do de Tinturería Centro Elegante por lavado de bandeira por importe 8,00 euros.

-Que bandeira foi a que se lavou?

-Pertence dita bandeira a algunha das estancias da Casa do Concello ou é aquela outra pre-  
constitucional que se sacou, esperamos que froito dunha ocorrencia de bastante mal gusto de  
alguén que non sopesou o inadecuado e irrespectuoso do seu proceder, a mediados do mes de  
xuño para adornar, por dicir algo, a carpa que acollía a sardiñada de San Andrés de Illobre, a  
que asistiron varios membros do actual grupo de goberno?

Aproveito a ocasión para rogarlle a todos os presentes, membros do grupo de goberno  
e da oposición, que no futuro, de darse situacións similares, non de lavado de bandeiras, se-  
nón de exposicións intencionadas de simboloxías que non se axustan á legalidade vixente, pa-  
ra que fagan valer a súa condición de autoridade pública referendada para que non se agridan  
a través de actos deste tipo as distintas sensibilidades políticas democráticas dos nosos veci-  
ños e veciñas. “

--Don José Alvela de TEGA di que na parte da vía no lugar de A Gaiosa puxéronse  
“quitamedos” de obrigado cumprimento, poste que xa caeu algún coche, pero na marxe derei-  
ta, onde hai pouco tempo houbo un accidente cunha vítima mortal quedou sen colocar, ro-  
gando se fagan as xestións oportunas para que se corrixa esas deficiencias porque ese é un  
punto perigoso.

#### **7º.- Rogos e preguntas veciñais**

A Presidencia, ao abeiro do disposto no artigo 23 do Regulamento de Participación  
veciñal, aprobado definitivamente e publicado no BOP num. 68/08, do 25 de marzo do ano  
que andamos, establece unha quenda de rogos e preguntas co público asistente á sesión.

Don Inocencio Álvarez, en calidade de Presidente da AA.VV de Santa Cruz de Riba-  
dulla, sinala que a pista que se arranxou en Tomonde -Santa Cruz de Ribadulla estaba con-  
sensuada co goberno anterior, e de seguido formula os seguintes rogos :

1º.- O goberno anterior iniciou un expediente para proceder á retirada da antena de te-  
lefonía de A Lagoa -Tomonde, e roga se fagan as xestións oportunas coa administración para  
axilizar a súa retirada.

2º.- Nalgún dos parques infantís do concello os aparellos non están marcados coa de-  
nominación obrigatoria de CE nin co número correspondente, quizais debido a un erro, solici-  
tando que no futuro se teña en conta

3º.- Roga que se dirixan aos responsables do Ministerio de Fomento de A Coruña para  
buscarlle unha solución ao problema do cruce de O Sol.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas.